

## **5 Urbanismo, obras e servizos**

### **5.2 Resolución de expedientes de contratación**

5.2.1 Resolución do expediente de contratación da obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana”

O secretario accidental le a proposición única que subscribiu a empresa Espina & Delfín, S.L. (núm. de rexistro de entrada 4238, do 27.11.2009).

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento negociado, a obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana”, segundo o proxecto que redactou o arquitecto técnico municipal, José Andrés Breijo Castrillón. A obra ten un orzamento de 105048,50 € e o proxecto aprobouno a Xunta de Goberno Local na sesión do 07.09.2009.

O secretario accidental leu a proposición única, que cumpre cos requisitos do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDAN:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente o contrato da obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana” á empresa Construcciones Espina & Delfín, S.L., polo prezo de 105048,50 € (90559,05 € de base e 14489,45 € de IVE).

2 Notificarlle a adxudicación provisional ás empresas candidatas que non resultaron adxudicatarias e que presetaron oferta, no caso de existir.

3 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.441.9C.601.00 do orzamento municipal.

4 Nomear como director da obra a J. Andrés Breijo Castrillón, arquitecto técnico municipal.

5 Nomear a Francisco Cobas Fernández como coordinador de seguridade e saúde, ao abeiro do que dispón o Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

6 Notificarlle este acordo á empresa contratista no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de contratante, para que presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outro documento que acredite a súa aptitude para contratar, así como para que constituía a garantía definitiva por importe de 4527,95 €.

7 Publicar a adxudicación provisional do contrato no Perfil do contratante do órgano de contratación.